

**D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO EXCMO.  
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 5 de xuño do 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo:

**“5. CONTRATACIÓN E SERVIZOS**

**A) CONTRATACIÓN.**

**A1. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PASEOS EN BARCA POLO RÍO  
CABE NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2017  
(EXP. 021-SERVMen17)**

Visto o informe do Técnico de Cultura de 31.3.2017 e a Providencia da Concelleira Delegada competente de 3.4.2017, faise constar que.-

1º.- De conformidade co establecido no artigo 138 do RD. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF), a denominación de contratos menores, o é en consideración ao seu importe, que ten que ser inferior a 50.000 euros (IVE aparte), cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

2º.- O artigo 10 TRLCSF, precisa que *“son contratos de servizos aqueles cuyo objeto son prestacións de facer consistentes en el desenvolvemento de una actividade o dirixidas a la obtención de un resultado distinto a una obra o un suministro, categorías enumeradas en el Anexo II.”*

3º.- Nos contratos menores, artigo 111 TRLCSF, establécese que só se esixirá a aprobación do gasto e a factura correspondente expedida conforme á normativa vixente.

En todo caso, e dada a actividade a desenvolver, dende o servizo de contratación estímase axeitado formalizar o oportuno contrato administrativo debendo achegar, dentro do prazo fixado para elo, póliza de seguro de Responsabilidade Civil que cubra a actividade e o último recibo presentado ao pagamento que acredite a vixencia da mesma.

Porén, o Concello de Monforte de Lemos na base 33ª das de execución do orzamento do Concello, referida aos gastos menores, dispón que *“Cando a contía sexa superior a 1.000 euros e inferior a 18.000 euros, o expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada, debendo acreditarse a consulta a tres empresas, polo menos, salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente”*. Neste senso, no expediente xustificase a inconveniencia de formular consulta a tres empresas capacitadas, tanto na Providencia da Concelleira Delegada competente, como no Informe do Técnico de Cultura de 17.03.2016, neste último caso, nos seguintes termos.-*“Dende a Delegación de Cultura creemos resulta inconveniente a consulta a tres empresas e que isto ven motivado por:*

*Que sendo o Club de Montaña e Piragüismo Quixós o único colectivo que en Monforte ten relación co río Cabe (non habendo outro das súas características), tanto pola súa propia actividade como pola utilización de embarcacións fluviais durante todo o ano no noso río, o Club conta cunha escola de piragüismo con adestramentos diarios no río Cabe e realiza competicións a nivel galego, nacional e internacional, tamén realizan anualmente unha proba do Campionato Galego de Slalom no Río Cabe e*

*utilizan como local do club e como lugar de almacenamento do seu material un edificio do concello sito no parque dos Condes o que utilizamos en parte como local para a realización das actividades dos Paseos en Barca no río Cabe, hai que facer referencia que é o propio club de Piragüismo Quixós o que fai as reparacións e mantemento das barcas tradicionais que dispón o Concello para utilizar nos paseos do río.*

*O seu coñecemento do río como o das barcas a utilizar e a súa aptitude nos mostran unha perfecta preparación e isto nos indica a súa total capacidade para desenvolver esta actividade, polo que consideramos que o Club de Montaña e Piragüismo Quixós é a agrupación ideal para levar a cabo o desenvolvemento da actividade organizada pola Delegación de Cultura no verán monfortino e denominada PASEOS EN BARCA POLO RÍO CABE."*

Por máis abastamento, a citada base 33ª.2 precisa que.- "as propostas de contratos menores deberán remitirse para a súa tramitación ao Servizo de Contratación, para os efectos de comprobar que a persoa física ou xurídica proposta para a execución do contrato estea ao corrente das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social, non estea incurso nas prohibicións de contratar e que en consecuencia reúne as condicións para ser contratista coa Administración Pública, do que o responsable da oficina de contratación deberá deixar constancia escrita no expediente".

A tal efecto, consta no expediente unha declaración responsable acreditativa das condicións de aptitude e capacidade do contratista, a cal terá os efectos previstos no artigo 61 bis do TRLCSP.

Sobre os efectos da declaración responsable, a Intervención xeral da Comunidade de Madrid no seu informe de 19.7.2007 emitido sobre un procedemento en materia de subvencións, indica que.-*"La declaración responsable, por lo tanto, dado que así lo establece su normativa reguladora y dado que se trata de un supuesto en el que está permitido por la norma sustantiva, es en sí misma, una forma de acreditación de las circunstancias que en ella se recogen, cuya validez para el procedimiento no debe ser objeto de duda, a no ser que existan elementos de juicio derivados de la documentación que obre en poder de la Administración concedente o que sea conocida por ésta, que permitan al órgano al que corresponde su valoración estimar que en la empresa afectada no concurren las circunstancias declaradas".*

4º.- Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP).

Neste senso, dende o Servizo de Contratación se ven observando que se trata dunha actividade que se ven desenvolvendo dende hai varios anos, polo que, convén advertir que a adxudicación mediante contratos menores sucesivos de servizos para responder a necesidades de carácter recorrente, periódico ou permanente, non é o mecanismo máis axeitado e conforme coa normativa de contratación pública. e, incluso, pode chegar a ser contrario a aquela normativa, segundo as circunstancias concorrentes en cada caso.

5º.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. No entanto, e de conformidade co Decreto de Alcaldía de 18.06.2015, dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO.-

**PRIMEIRO: APROBAR** o gasto correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 334.226.09 do orzamento xeral para o ano 2017.

**SEGUNDO: ADXUDICAR**, coa advertencia recollida no apartado 2 do presente informe, por “contrato menor”, á entidade Club de Montaña e Piragüismo Quixós, con CIF. G-27255827 e/r D. Roberto Baliña Barrosa, con DNI. 34.248.614-G o servizo de Paseos en Barca polo Río Cabe, polo importe de 8.450,00.-€ (IVE exento), segundo orzamento que achega (NRE. 4580/2017), dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2017, e en atención ás seguintes características.-

➤ **Xuño-Xullo-Agosto.-**

- De luns a venres en horario de 18:00 a 22:00 horas.
- Sábados, Domingos e Festivos de 11:00 a 14:00 horas e de 18:00 a 22:00 horas.

➤ **Setembro.-**

- De luns a venres en horario de 17:00 a 21:00 horas.
- Sábados, Domingos e Festivos de 11:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 21:00 horas.

O prezo será de 3,25.-€/viaxe e a capacidade máxima de persoas/barca será de 6.

➤ **Barcas engalandas.-**

- Día 16.08.2016 ás 23:00 horas.

**TERCEIRO.- REQUIRIR** ó adxudicatario para que no prazo máximo de 15 días hábiles a contar desde a recepción da notificación proceda a formalizar o oportuno contrato administrativo.

*(\*) Advertir, así mesmo, que a prestación do servizo quedará condicionado á previa autorización favorable da Confederación Hidrográfica Miño-Sil”*

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a cinco de xuño de dous mil dezasete.

Vº e Pce.

O ALCALDE

